

MARGUERITE DURAS. PARÍS 1944

[Emmanuel Finkiel, 2017]

391

ESTREA EN NUMAX: 8 de xuño | V.O.S.E. | +12

La douleur (2017, 127')

Dirección: Emmanuel Finkiel

Guión: Emmanuel Finkiel (Novela: Marguerite Duras)

Elenco: Mélanie Thierry, Benoît Magimel, Benjamin Biolay, Shulamit Adar, Grégoire Leprince-Ringuet, Emmanuel Bordieu, Elsa Amiel, Brett Gillen, Grégoire Gros, Anne-Lise Heimburger, Patrick Lizana

Son: David Vranken

Montaxe: Sylvie Lager

Vestuario: Sergio Ballo, Anaïs Romand

Dirección de arte: Gilles Boillot, Augustin Collet

Fotografía: Alexis Kavyrchine

Produtoras: Cinéfrance Plus, Les Films du Poisson, KNM, Versus Production, France 3 Cinéma, Need Productions, Same Player, Proximus (Francia, Bélxica, Suíza)

Distribuidora: Alfa Pictures

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Je ne suis pas un salaud, 2015

Nowhere Promise Land, 2008

Casting, 2001

Voyages (Viajes), 1999

Jacques sur la Croisette, 1997

[curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2017 (Sección oficial)

SINOPSE

Ao atopar dous vellos cadernos, Marguerite Duras recorda o seu pasado. Na Francia ocupada polos nazis de 1944, a moza e brillante escritora participa activamente na Resistencia canda o seu marido, Robert Antelme. Cando é deportado pola Gestapo, Marguerite embárcase nunha loita desesperada para conseguir que volva. A fin da guerra e o regreso dos prisioneiros supoñen para Duras o comezo dunha espera insoportábel en medio do rebumbio nas rúas parisiñas pola Liberación.

«Unha das adaptacións máis intelixentes e formalmente logradas de Duras, cuxas descargas emocionais devastan regularmente o espectador»

Simon Riaux, ECRAN LARGE



MARGUERITE DURAS. PARÍS 1944

[Emmanuel Finkiel, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Quixen desacralizar todo o que Marguerite representa”

Entrevista con Mélanie Thierry

Por Isabelle Danel

Como abordaches o personaxe de Marguerite Duras?

O primeiro foi mergullarme nunha parte importante da súa obra. Escoiteina falar durante horas, horas e horas. Tentei recoller o seu ritmo, o seu fraseado, sen imitala, porque non era esa a idea do filme. Non está narrada así... Pero quería ser cribel como escritora e que a dor se inscribise fisicamente en min. Mais sobre todo quixen desacralizar todo o que Marguerite representa. Porque na época na que se sitúa o filme, Duras non existía, non tiña atopado o seu nome. Ela é Marguerite, nos albores da escritora que logo foi, e que aínda estaba a procurar. Daquela atopámonos antes unha muller moza á espera interminábel e dolorosa do seu marido.

Fixeches un traballo abraiante sobre a voz... A dela é máis grave, máis xorda.

Antes de que agromase foi preciso preparalo ben. Tiven que facer un traballo a contracorrente, atopala fisicamente. Traballei en distintos niveis e aí tiven axuda. Teño o costume de traballar con dúas ou tres persoas que me acompañan nos meus filmes...

Son os teus coaches? Si, podémoslos chamar así. Traballamos sobre o texto, os sentimentos: como os podemos atopar, que cor e progresión precisamos. Tenteamos, temos a impresión de nos perder e logo, nun determinado intre, chegamos ao lugar axeitado.

Ademais, seguindo a noción da espera, aproveitei ben a situación, porque tivemos moitos problemas para facer o filme desde o punto de vista financeiro. Houbo unha permanente montaña rusa entre os intres de ledicia e momentos de abatemento. E mesmo unha vez que o filme botou andar, tivo que parar durante tres semanas, se termos a certeza de que o iamos poder rematar. É esgotador. Volvendo á cuestión da voz, inspireime en actrices que se atopaban entre as súas musas: Jeanne Moreau, Delphine Seyrig, Bulle Ogier.

Como rexistrastes a voz en off? Antes da gravación, iso permitiunos atopar o ritmo do filme, encontrar o meu tempo interior. Pero tamén gravamos parte da voz en off durante e despois da rodaxe, o que fai que, no fondo, non sexa sempre a mesma. Ademais Emmanuel escolleu na montaxe seleccionar tal ou cal pasaxe para que coincida coa narración nalgúns intres e desapareza noutros.

É o teu segundo filme con Emmanuel Finkiel, logo de *Je ne suis pas un salaud* (2015)? Quero e admiro a Emmanuel desde a súa curtametraxe *Jacques sur la Croisette* (1997). *Voyages* (1999) é un filme sublime e o seu documental *Casting* (2001) acompañame sempre...

O meu papel era máis breve en *Je ne suis pas un salaud*, mais a súa esixencia, a súa visión do cinema, conquistoume. E o feito de repetirmos, deunos unha gran complicidade e confianza. Completámonos, comprendémonos e avanzamos ben xuntos. Eu tiña desde hai tempo o desexo de atopar un cineasta que quixese contar historias até o infinito, que me filme coa miña idade e que sexa a historia de toda unha vida. Emmanuel Finkiel é un artista raro na maneira en que se consagra ao cinema e ama os seus actores.

Fuches ti quen lle propuxo participar en *Je ne suis pas un salaud*?

Non, foi el a proposta de Nicolas Duvauchelle que interpretaba o papel principal e co que xa tiña eu traballado en filmes de Diane Kurys e Hugo Gélin. Tamén teño traballado canda os actores Gaspard Ulliel, Benoît Magimel e Grégoire Leprince-Ringuet e estou moi contenta de atopalos en *Marguerite Duras. París 1944*. Mais non teño a sensación de pertencer a unha familia de cinema, non chego a situarme...

Finkiel e ti tiñades tomada a decisión de que queríades gravar xuntos?

En absoluto, el comezou en solitario a traballar no filme e foi na procura da súa Marguerite cando pensou en min, mais non o escribiu para min, nin pensando no meu rostro ou a miña voz. Non, fun eu quen lle pedín facer a audición.

Publicado en www.bande-a-part.fr
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El dolor, Marguerite Duras. Bid&Co, 2017

La douleur, Marguerite Duras. Gallimard, 1993

Cuadernos de la guerra, Marguerite Duras. Siruela, 2008

Cahiers de la guerre et autres textes, Marguerite Duras. P.O.L., 2006

La especie humana, Robert Antelme. Arena Libros, 2015

L'espèce humaine, Robert Antelme. Gallimard, 1978

Robert Antelme. Textes inédits sur L'espèce humaine. Essais et témoignages, Robert Antelme. Gallimard, 1996

En torno a un esfuerzo de memoria, Dionys Mascolo. Arena Libros, 2005

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**